

*Anuncio nomeamento funcionario de carreira*

Por resolución da Alcaldía de data 31 de xullo de 2007, unha vez concluído o proceso selectivo correspondente e de acordo coa actuación do tribunal, nomease a don Francisco Javier Antoñón Clemente, para ocupar unha praza de funcionario de carreira, encadrada na escala de administración especial, subescala técnica, grupo A, denominación: Arquitecto.

O que se fai público para xeral coñecemento.

En Tui, a 22 de xaneiro de 2008.—O Alcalde,  
Antonio F. Fernández Rocha.

2008000864

\* \* \*

**VILA DE CRUCES****E D I C T O**

Por dona Esther López Sesto, solicítase licencia urbanística municipal para “ampliación de explotación de gando vacún de leite e construcción de almacén agrícola abierto”, cos seguintes datos:

- *Emprazamento*: Lázaro número 11.
- *Uso*: Ampliación de explotación de gando vacún de leite e construcción de almacén agrícola abierto.
- *Altura*: 6,10 m.
- *Ocupación*: 9,30 %.

O citado expediente sométese a información pública por período de vinte días, a fin de que durante o mesmo, —que empezarán a contarse dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da provincia— poida examinarse o expediente, na Secretaría do Concello en horario de 8.00 h. a 14.00 h., de luns a venres, polas persoas quealgún modo se consideren afectadas, e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas, conforme establece o art. 41.2, b) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificado polo art. 1.16 da Lei 15/2004, de 29 de decembro.

Vila de Cruces, a 18 de xaneiro de 2008.—O Alcalde, Jesús Otero Varela.

2008000747

\* \* \*

**VILAGARCÍA DE AROUSA****A N U N C I O**

O Pleno da Corporación, na sesión celebrada o día 27 de setembro de 2007, acordou aprobar provisionalmente a ordenanza municipal reguladora das medidas de conservación, de rehabilitación e seguridade de terreos, solares, construccions, edificios e

instalacions, procedendo a continuación á exposición pública do expediente, previo o anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia de data 12 de novembro de 2007, polo prazo de trinta días, sen que se presentaran alegacións ou reclamacións.

Procedese a publicar o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do disposto no art.49 da Lei 7/85, do 2 de abril, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo de 15 días, contados a partir da publicación do texto completo no BOP, de conformidade co previsto no art. 65.2º da Lei 7/85.

**ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS MEDIDAS DE CONSERVACIÓN, DE REHABILITACIÓN E SEGURIDADE DE TERREOS, SOLARES, CONSTRUCCIÓN, EDIFICIOS E INSTALACIÓNS****TÍTULO I  
DISPOSICIÓN XERAIS****ARTIGO 1º. OBXECTO**

E obxecto desta Ordenanza regular a obrigación de conservación e rehabilitación de terreos, construccions, edificios e instalacions, co fin de mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade, con suxeición ás normas sobre protección do medio ambiente e do patrimonio histórico, consonte establece o artigo 9 da Lei 9/2002, de 30 de Decembro, de Ordenación Urbanística e de Protección do Medio Rural de Galicia, así como os artigos 24 e seguintes do Decreto 28/1999, de 21 de Xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia.

Regulase a través desta ordenanza, en cumprimento do deber previsto no artigo 200 da Lei 9/2002, de 30 de Decembro, a verificación do mantemento dos elementos exteriores das edificacións —con independencia do seu uso— en perfectas condicións de seguridade e conservación, evitando así o seu desprendemento e eliminando situacións de risco sobre as persoas e bens.

**ARTIGO 2º. ÁMBITO DE APLICACIÓN**

Esta ordenanza extende a súa regulación a todos os elementos exteriores (fachadas, paramentos e cuberta) e demais elementos das edificacións susceptibles de desprenderse e caer sobre a vía pública, como, por exemplo, beirís, cornixas, gárgolas, canles, desaugadoiros, peitorís, galerías, balcóns, ménsulas, orlas, impostas, chapados, escudos etc., das edificacións do Municipio e de titularidade pública ou privada, con independencia do seu uso ou destino e antigüidade. Asimismo será de aplicación os terreos, solares e fincas en canto o deber de mantemento en condicións de salubridade, hixiene e o deber de mantelos debidamente valados

## TÍTULO II

### CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN

#### CAPÍTULO I

##### DEBER DE CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN.

###### **ARTIGO 3º.—PERSOAS RESPONSABLES DO CUMPRIMENTO DO DEBER DE CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN**

As persoas físicas ou xurídicas que ostenten a propiedade dos terreos, construccions, edificios e instalacions teñen o deber de mantelos en condicions de funcionalidade, seguridade, salubridade, habitabilidade e ornato público, realizando os traballos e obras precisas para conservalos ou rehabilitalos, a fin de manter as condicions requeridas para o seu uso e destino.

Os terreos e solares deberán pecharse de conformidade co previsto no Plan Xeral. Asímesmo, os propietarios dos solares que se sitúen entre medianeiras de edificacions, estarán obrigados o saneamento e correcto funcionamento das medianeiras, mediante o tratamiento das mesmas.

Os terreos e solares manteranse limpos de maleza, herbas ou desperdicios evitando así posibles focos de olor ou perigos de fogo.

###### **ARTIGO 4º.—CONTROL DO DEBER DE CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN**

A vixilancia e o control do cumprimento dos deberes de conservación e rehabilitación corresponde ao Departamento de Urbanismo, a través dos seus Servicios técnicos e das unidades administrativas as que se atribúan competencias nesta Ordenanza e na lexislación aplicable en cada momento.

Os expedientes poderán iniciarse de oficio ou a instancia de parte, en exercicio ou non da acción pública.

###### **ARTIGO 5º.—CONTIDO DO DEBER DE CONSERVACIÓN**

O deber de conservación será o que se determine en cada momento no Plan Xeral de Ordenación Municipal. Asímesmo e, segundo o establecido na legislación urbanística, o Concello de Vilagarcía de Arousa poderá ordenar a execución das obras necesarias para adaptar as edificacions e construccions o entorno. Os propietarios de edificios e elementos catalogados e inventariados, ademais das obrigas xenéricas de conservación sinaladas no apartado anterior deberán realizar as obras de conservación e adaptación necesarias esixidos polo artigo 25 da Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia, polo Plan Xeral, os instrumentos que o desenvolvan ou complementen así como as leis que en cada momento se sexan aplicables.

###### **ARTIGO 6º.—INSPECCIÓN, INFORME E INFORME-DICTAME**

Os propietarios de edificacions cunha antigüidade superior a dez anos, verificarán o mantenemento das condicions normais de seguridade das súas fachadas a través da obtención do correspondente Informe-dictame de seguridade emitido por facultativo competente e visado polo seu Colexio Profesional correspondente, no que se acreditará o estado de conservación e seguridade dos elementos exteriores dos edificios que poidan afectar a persoas ou bens.

O Informe-dictame renovarase cada cinco anos, tendo o contido, como mínimo, previsto no apartado 2º do artigo 200 da Lei 9/2002, de 30 de Decembro, elementos e especificacions que veñen contemplados no modelo que se reproduce como anexo desta ordenanza e ir acompañado coas fotografías correspondentes. Asímesmo o técnico encargado da inspección periódica e posterior emisión de informe visado poderá facer constar cantas observacions estime de interese.

Será requisito imprescindible para a eficacia do informe a remisión de copia do mesmo ao Concello así como ao Colexio Profesional correspondente.

En calquera caso a obriga contemplada neste artigo será esixible en calquera momento para os edificios catalogados, con independencia da antigüedad dos mesmos ou dos materiais usados nas fachadas dos mesmos, de conformidade co previsto no artigo 200 da Lei 9/2002, de 30 de Decembro.

O Concello de Vilagarcía de Arousa, a través dos seus Servicios Técnicos Municipais, poderá esixir a exhibición deste informe-dictame actualizado en todo momento, e, se descubrise que non se está a efectuar a inspección periódica das construccions, o Concello poderá realizaras de oficio a custa dos obrigados.

###### **ARTIGO 7º. PROXECTOS TÉCNICOS DE CONSTRUCCIÓN**

Os proxectos técnicos de edificación ou intervención no que se fundamenten as solicitudes de licencias urbanísticas municipais deberán incluí-las oportunas especificacions expresas e detalles constructivos en relación a tódolos elementos exteriores da edificación, incluídos os chapados ou aplacados, se os tivese.

## CAPÍTULO II

### ORDENES DE EXECUCIÓN DE OBRAS DE CONSERVACIÓN OU REHABILITACIÓN

###### **ARTIGO 8º.—ORDES DE EXECUCIÓN DE OBRAS DE CONSERVACIÓN OU REHABILITACIÓN**

O Concello de Vilagarcía dictará ordes de execución de obras de conservación de edificios, instal-

cións, construcciones e elementos concretos deteriorados ou en condicións deficientes para o seu uso efectivo, sen prexuízo da competencia que para dictar ordes de execución ten atribuída a Comunidade Autónoma respecto de edificios ou construcciones catalogadas ou declarados de interese histórico-co-artístico.

Asimesmo, poderá dictar ordes de execución en toda clase de edificios para a súa adaptación as normas de protección ambiental. Os traballos e as obras ordenados deberán referirse a elementos ornamentais e secundarios do inmoble de que se trate, pretender a restitución o seu estado orixinal ou coadxuvar a súa mellor conservación.

#### *ARTIGO 9º.—ORGANO COMPETENTE*

O órgano competente para adoptar as ordes de execución será o Alcalde ou persoa en quen delegue de conformidade co previsto na Lei 7/1985.

#### *ARTIGO 10º.—INSPECCIÓN*

A inspección de edificacións, terreos e urbanizacións será competencia dos servicios técnicos municipais e axustarase ó establecido no artigo 208 e concordantes da Lei 9/2002, de 30 de decembro. A actividade inspectora materializarase nunha Acta de inspección.

#### *ARTIGO 11º. INICIACIÓN DO PROCEDIMENTO*

1.—O procedimento para esixi-lo deber de conservación das fachadas exteriores e das súas cubertas, estado das fincas, solares e terreos, e os cerres dos mesmo, poderase iniciar de oficio ou a instancia de parte

2.—Os expedientes iniciaranse de oficio:

a) Como consecuencia da actuación dalgún servizo municipal que detecte a existencia do incumplimento dos deberes de conservación ou rehabilitación.

b) Como consecuencia de informes evacuados polos servicios técnicos nas inspeccións programadas que se realicen.

c) Cando os informes técnicos resultantes da inspección técnica así o recollan.

d) Por denuncia.

3.—Cando os expedientes se inicien a instancia de parte, deberá aportarse coa correspondente solicitude a seguinte documentación:

a) Relación do denunciante co inmoble e domicilio a efecto de notificacións.

b) Datos identificativos da propiedade do inmoble, domicilio do seu titular, e no seu caso do representante legal, de ser posible facilitar dita información.

c) Localización concreta do inmoble.

d) Determinación da deficiencia ou o seu orixe a través da presentación de documentos que así o acrediten.

4.—No Acordo de iniciación do expediente figurará, en calquera caso, a referencia catastral do inmoble e os datos sobre a súa titularidade e ubicación, así como as circunstancias que deron lugar o mesmo.

#### *ARTIGO 12º.—INFORMES*

1. Iniciado o expediente, os servicios técnicos municipais emitirán un Informe que conterá os seguintes extremos:

Situación do inmoble ou inmobilis afectados pola actuación a realizar, determinando se está suxeito a algún rexime de protección ou si se atopa fora de ordenación.

Descripción dos danos ou deficiencias que presenta, indicand, no seu caso, as posibles causas.

Actuaciones para determinar ou subsanar as deficiencias detectadas, e no seu caso, as medidas de seguridade a adoptar.

Si a entidade da obra esixe proxecto técnico ou dirección facultativa, de acordo co criterio que se estableza para a solicitude de licenzas na lexislación e no planeamento urbanístico vixente.

Determinación do plazo para o comenzao e execución das actuacións.

Cando conste, titular da propiedade e o seu domicilio a efecto de notificacións.

2.—Se iniciado o expediente se apreciase, á vista do contido do informe emitido polos servicios técnicos municipais que a competencia lle corresponde a outra administración, o órgano competente para resolver acordará a remisión do expediente a devandita administración os efectos oportunos.

#### *ARTIGO 13º.—DOS OBRIGADOS*

Os obrigados polas ordes de execución son os propietarios dos edificios, terreos, solares, construcciones, instalacións e elementos concretos, os cales se dirixirán as notificacións correspondentes. Se fora necesario, requirirase de oficio o Rexistro da Propiedade ou calquera outro Rexistro público adecuado para que informe sobre a titularidade dos mesmos.

#### *ARTIGO 14º.—RESOLUCIÓN*

1.—Emitido os informes técnicos, e xurídicos de se lo caso, polos servicios municipais, os que se refire o artigo 12 desta Ordenanza e o artigo 25 do Regulamento de Disciplina Urbanística, darase audiencia o interesado por un prazo non inferior a dez días para que alegue o que mellor conveña o seu dereito.

2.—Presentadas alegacións, emitirase informe sobre as mesmas con carácter previo a que se dicte resolución polo órgano competente.

3.—Informadas as alegacións ou transcurrido o prazo concedido sen que se presentaran alegacións, o órgano competente dictará resolución.

4.—A resolución indicará as deficiencias observadas, así como as actuacións necesarias para subsaná-las, ordenando o propietario execución das obras necesarias para subsanar as deficiencias observadas, nos termos e prazos establecidos no informe técnico emitido. Advertirase da posible imposición de multa coercitiva; de incoación de expediente sancionador, e execución subsidiaria polo Concello a costa da propiedade, no caso de incumprimento do ordenado.

#### *ARTIGO 15º.—CUMPRIMENTO DA EXECUCIÓN FORZOSA*

1. As ordes de execución cumpliranse nos seus propios termos.
2. Tanto para a realización das obras que veñan sinaladas na certificación-dictame ás que fai referencia o art. 6 desta ordenanza, como das obras que se indiquen na orde de execución dictada polo Concello, a propiedade disporá da debida dirección facultativa e deberá cumpri-la vixente regulamentación en materia de seguridade e saúde, polo que eses documentos terán que presentarse no Concello xunto á solicitude de estas, valados ou elementos precisos, para o que se aboarán os tributos municipais preceptivos.

Tanto para a realización das obras indicadas na certificación-dictame referidas no art. 3 desta ordenanza, como das obras sinaladas na orde de execución que dicte o Concello, os interesados deberán solicitar e obter, no seu caso, a correspondente licencia municipal de obra.

Rematada a obra, acreditarase a súa execución co correspondente certificado final de dirección da obra, emitido polo seu técnico director.

No caso de non esixirse o proxecto técnico ou dirección facultativa, o cumprimento do ordenado comprobarase de oficio, unha vez comunicada pón a propiedade a finalización das obras.

#### *ARTIGO 16º.—ORDES DE EXECUCIÓN POR RAZÓN DE INTERESE TURÍSTICO OU ESTÉTICO*

O Concello tamén poderá ordenar, por motivos de interese turístico ou estético, a execución das obras de conservación, renovación ou reforma en fachadas ou espacios visibles desde a vía pública, sen que estean previamente incluídas no planeamento.

As obras executaranse á custa dos propietarios se estivesen dentro do límite da obriga de conservación que lles corresponde e con cargo ós fondos municipais cando se ordenen para obter melloras de carácter xeral, no caso de superar o límite de obras de conservación.

No caso de incumprimento por parte dos propietarios, rexera o disposto no artigo anterior.

#### *ARTIGO 17º.—LIMPEZA E CERRAMENTO DE FINCAS*

O Concello poderá acorda-las obras necesarias para adapta-los inmobilés ás condicións do seu contorno, segundo o previsto no art. 199 da Lei de ordenación do territorio e de protección do medio rural de Galicia, tales como a conservación e reforma de fachadas ou espacios visibles desde as vías públicas, a limpeza e cerramento de soares, a retirada de carteis ou outros elementos improprios dos inmobilés.

O procedemento para levar a cabo estas actuacións será o seguinte:

1.—Iniciado o expediente, polos servizos que en cada caso corresponda emitirase Informe que conterá os seguintes extremos:

- a) Situación do inmoble ou inmobilés afectados pola actuación a realizar, determinando se está suxeito a algúm rexime de protección ou si se atopa fora de ordenación.
- b) Descripción das anomalías ou deficiencias que presenta, indicando, no seu caso, as posibles causas.
- c) Descripción das actuacións a realizar polo propietario e determinación do plazo de execución das citadas actuacións.

Cando conste, titular da propiedade e o seu domicilio a efecto de notificacións.

2.—Emitido os informes darase audiencia o interesado por un prazo non inferior a dez días para que alegue o que mellor conveña o seu dereito.

3.—Informadas as alegacións ou transcurrido o prazo concedido sen que se presentaran alegacións, o órgano competente dictará resolución.

As obras sinaladas na orde de execución realizaranse á custa dos propietarios ata o límite do deber legal de conservación.

#### *ARTIGO 18º.—MEDIDAS EN CASO DE INCUMPRIMENTO DAS ORDENES DE EXECUCIÓN*

1.—Transcorridos os prazos fixados na orde de execución sen que os afectados realizaran as obras, o Concello poderá adoptar calquera das seguintes medidas:

- a) Execución subsidiaria a costa do obrigado.
- b) Imposición de multas coercitivas por cuantía de 300 a 6000 €, segundo o establecido no ar-

tigo 199.4º da Lei 9/2002, de 30 de Decembro e no artigo 28.2º do Regulamento de Disciplina Urbanística, reiterables ata lograr a execución das obras ordeadas, agás que o Concello opte en calquera momento pola execución subsidiaria.

2.—O Concello, atendendo as circunstancias concurrentes en cada caso, procederá a elección da medida que estime mais oportuna.

#### *ARTIGO 19º.—MEDIDAS EXCEPCIONAIS*

1.—No caso de que exista perigo inmediato de que poidan producirselle danos ás persoas ou bens, ou perigo inminente de derrubamento da edificación, o Concello poderá adoptar medidas excepcionais de protección para evitalo, sen necesidade de concluir todas as fases do expediente.

2.—Ditas medidas serán as que tecnicamente se consideren imprescindibles para evitar o perigo inmediato, e poderán consistir en desaloxos provisoriais, clausura de inmobles ou partes de estos, apeos, apuntalamientos, demolicións ou outras análogas; debendo observarse, em calquera caso, o principio de intervención mínima.

3.—As anteriores actuacións serán a cargo da propiedade do inmoble.

4.—Das actuacións adoptadas darase conta ó órgano competente

### **CAPÍTULO III EXECUCIÓN SUBSIDIARIA DAS ORDES DE EXECUCIÓN**

#### *ARTIGO 20º.—PROCEDIMENTO*

1.—A execución subsidiaria levarase a cabo baixo a dirección dos técnicos municipais, a costa do obrigado pola resolución. O importe dos gastos, danos e prexuízos esixirase conforme o disposto na lexislación do procedemento administrativo común.

2.—As probas técnicas, tales como calas, demolicións de recubrimientos de elementos estructurais, probas de carga ou similares, que sexa preciso realizar para obter un diagnostico adecuado dos danos existentes no edificio, que permitan elaborar un presupuesto obxectivo das obras de execución subsidiaria, valoraranse e cobraranse unha vez realizadas con independencia das obras que despois se acometan.

3.—A realización das obras en execución subsidiaria require, con carácter previo, a elaboración dun presupuesto estimado, sen prexuízo do disposto no apartado 5º deste mesmo artigo. O presupuesto comunicarase a propiedade da finca os efectos de que efectúe as alegacións que estime oportunas no prazo non inferior a dez días, outorgándolle un novo prazo para a realización das obras que será

igual o fixado na orden de execución incumprida, advertíndolle que no caso de non realizaras no citado prazo executaranse, a súa costa, subsidiariamente.

4.—Incumprido o prazo sinalado no paragrafo anterior, dictárase resolución de execución subsidiaria que conterá o importe da valoración das obras a realizar. Este importe será líquido a conta, e requirido o pago con antelación a realización das obras, a reserva da liquidación definitiva. De conformidade co previsto no artigo 98.3º da Lei 30/1992 no caso de que o interesado non satisfacera os gastos de realización das obras, o importe das obras, danos e perxuízos esixirase conforme o disposto no artigo 97 da citada lei.

5.—Cando se adopten as medidas de seguridade por execución subsidiaria e, pola complexidade das mesmas, urxencia ou descoñecemento do alcance real dos danos e non se poidera avanzar un presupuesto estimado do seu coste cun mínimo rigor técnico, deberá xustificarse a causa desta imposibilidade, mediante un informe técnico, que se comunicará a propiedade de forma fechante e, dado o carácter urxente da actuación, poderase prescindir da tramitación prevista nos parágrafos precedentes.

#### *ARTIGO 21º.—COSTES ADICIONAIS*

1.—No suposto de que no transcurso das obras de execución subsidiaria, por motivos técnicos debidamente xustificados, sexa necesario o desaloxo provisional dos ocupantes dalgunha ou de todas as vivendas da finca na que se esté actuando, procurarse o realoko dos ocupantes lexítimos que o necesiten, o tempo que sexa imprescindible. O coste do realoko será con cargo a propiedade da finca.

2.—Cando, por causas alleas o desenvolvemento das obras en execución subsidiaria e imputables a propiedade ou os ocupantes do edificios, éstas se tiveran que paralizar, o aumento do coste dos medios auxiliares serán a cargo da propiedade da finca.

3.—Os gastos a que se refiren os números precedentes liquidaranse no capítulo adicional o de execución material das obras.

### **TÍTULO III INFRACCIONES E SANCIÓN S POR INCUMPRIMENTO**

#### *ARTIGO 22º.—INFRACCIONES*

De conformidade co previsto na Sección 3ª, Capítulo III do Título VI, da Lei 9/2002, constitúen infraccións en materia de conservación dos paramentos exteriores dos edificios e cubertas, a omisión do cumprimento dos deberes referidos nesta ordenanza e en especial as seguintes:

- Carecer do informe de seguridade ou telo caducado.

- b) Non presenta-lo certificado de seguridade no Concello no prazo requerido para a súa aportación.
  - c) Non realiza-las obras necesarias que se poidan indicar ou describir no informe-dictame e/ou no informe técnico municipal, dentro do prazo indicado.
  - d) Incumprir, en calquera caso, a orde de execución que dicte o Concello.
  - e) Non manter debidamente limpos e vallados os terreos e soares.
  - f) Non manter nas debidas condicións de hixiene e salubridade os terreos e solares.
- 2.—Para a consideración de infraccións como leves, graves ou moi graves, así como para determinar o órgano competente para impoñer as sancións procedentes estarase o disposto na Lei 9/2002, de 30 de Decembro, por ser a normativa urbanística vixente no momento de aprobación desta Ordenanza.

#### **ARTIGO 23º.—SANCIÓN**

As infraccións desta ordenanza poderán conllevar a imposición das sancións previstas na legislación urbanística vixente.

Será necesario para a imposición de sancións a instrucción e tramitación do correspondente expediente sancionador.

#### **ARTIGO 24º.—NORMAS COMPLEMENTARIAS**

Serán normas complementarias desta Ordenanza:

- A Lei 9/2002, do 30 de Decembro, de Ordenación Urbanística e de Protección do Médio Rural de Galicia.
- O Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.
- O Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vilagarcía de Arousa,
- Calquera outra norma de ámbito estatal ou autonómico que incida no obxecto desta Ordenanza.

#### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA**

Para cumplir coa obriga de presentalo informe-dictame, ó que se refire o artigo 3 desta Ordenanza, establecense os seguintes prazos máximos, computándose o período de presentación dende a entrada en vigor da ordenanza, é dicir, quince días desde a súa publicación no Boletín Oficial da provincia.

#### **EDIFICIOS EN XERAL**

Dous anos.

#### **EDIFICIOS EN CONSTRUCCIÓN**

Certificado facultativo de final de obra.

En ningún caso esta Disposición Transitoria pode xustifica-lo incumprimento da obriga de conservación e mantemento da seguridade dos edificios, tal e como se establece no artigo 2 da presente Ordenanza.

#### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA**

Os propietarios de edificios que, con independencia da súa antigüidade, estivesen sometidos a obras de rehabilitación que incluirán os elementos obxecto desta Ordenanza, e para as que obtiveran a correspondente licencia municipal de obras, poderán xustifica-lo cumprimento dos seus deberes de conservación co certificado de final de obra emitido polo técnico director da mesma. O cómputo do prazo para cumplir coas disposicións desta Ordenanza comenzará a partir da data de emisión do citado certificado de final de obra.

#### **DISPOSICIÓN DEROGATORIA**

A presente ordenanza deroga a anterior ordenanza reguladora das medidas de conservación e de seguridade nos elementos exteriores das edificacións.

#### **ANEXO**

#### **MODELO DE DOCUMENTO ACREDITATIVO DO ESTADO DE SEGURIDADE E CONSERVACIÓN DOS ELEMENTOS EXTERIORES DOS EDIFICIOS**

#### **INFORME-DICTAME**

D. ..... de profesión ..... e colexiado co Nº no Colexio Oficial de ..... , con residencia no Municipio de ..... , Rúa/Praza .....

#### **CERTIFICO:**

Que despois de efectuadas as debidas comprobacións e inspección do edificio situado na Rúa/Praza ..... de Vilagarcía de Arousa e composto de plantabaixa e X plantas de piso, puido constatar que se encontra en correcto estado de mantemento e, polo tanto, os seus materiais non ofrecen perigo de desprendemento nin caída, agás a concorrencia de causas de carácter extraordinario ou imprevisibles dende o aspecto técnico.

#### **OU**

Que despois de efectuadas as debidas comprobacións e inspección do edificio situado na Rúa/Praza ..... de Vilagarcía de Arousa e composto de ..... , puido constatar da súa descripción, que o seu estado de conservación esixe as seguintes obras de consolidación e conservación: ..... e as operacións de mantemento: ..... nos seguintes prazos: .....

E para que conste e para os efectos ante o Concello de Vilagarcía de Arousa e onde o propietario o considere procedente, expido esta certificación en ..... o día ..... de ..... de .....".

Vilagarcía de Arousa, o ..... de ..... de .....

Vilagarcía de Arousa, a 24 de xaneiro de 2008.—  
A Alcaldesa Presidenta, María Dolores García Giménez.

2008000908

### A N U N C I O

O Concello Pleno, en sesión celebrada o día 25 de outubro de 2007, acordou aprobar definitivamente o Estudo de Detalle Víctor Pita 53, redactado polo Arquitecto don Manuel Viéitez Rodríguez e promovido por don Juan Escobar Patiño, con visado de data 1/3/2007, para a consolidación de fronte marítimo que permita a construcción dun edificio de vivendas coas mesmas características urbanísticas das demás edificacións consolidadas.

Normativa urbanística de aplicación:

E de aplicación o PXOM de Vilagarcía de Arousa, aprobado definitivamente o 4/2/2000.

Determinación da consolidación:

O fronte marítimo considerado ten unha lonxitude de 23,10 m reflectido no plano 2.

Frente	% consolidación	Lonxitude do soar
23,10 m	78,36 %	5,00 m
18,10 m		21,64 %

Polo tanto o porcentaxe de consolidación supera o 75% e o soar susceptible de albergar novas edificacións é inferior á cuarta parte (25%).

O presente estudo de detalle non altera ningunos estandares previstos polo planeamento, nm se modifica a ordeación dos soares colindantes.

Publícase o presente acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia. Asemade, na data do 21 de xaneiro de 2008 se remite á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte, unha copia autenticada do expediente administrativo de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con tódolos planos e documentos que a integran.

Contra este acordo que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte da publicación deste anuncio perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que coiden oportuno.

Vilagarcía de Arousa, a 24 de xaneiro de 2008.—  
A Alcaldesa Presidenta, María Dolores García Giménez.

2008001186

\* \* \*

### VILANOVA DE AROUSA

#### A N U N C I O

**Asunto:** Notificación a don Luis Alberto Miguez Parada, da proposta de resolución do expediente sancionador.

Descoñecido o lugar de notificación procédese dacordo co previsto no artigo 59.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a notificar mediante a publicación no BOP en no taboleiro de anuncios do Concello de Redondela a seguinte:

#### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Ref: FJOL.—Expediente: Sancionador venda ambulante SAVA1/07

#### ANTECEDENTES

Resultando que con data de 4 de maio de 2007, incoouse expediente sancionador ó interesado nomeándose secretario e instructor do mesmo indicándose ó interesado o dereito a formular alegacións e á audiencia no procedemento nos terminos establecidos no Real Decreto 1398/1993, sen que o interesado realizase actuación ningunha.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Considerando que o artigo 17º do Decreto 194/2001, do 26 de xullo, de ordenación da venda ambulante establece que para os efectos do réxime de infraccións e sancións haberá que aterse ó disposto no título VI, capítulo II da Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia; ó establecido no capítulo IX da Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, e no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en defensa do consumidor e usuario; e o previsto na normativa específica de réxime local ( neste caso o Regulamento do mercado municipal de abastos e terreos anexos), todo iso segundo o interese lexítimo tutelado que en cada caso resulte preferente.

Considerando que o artigo 27 da Lei 10/1988, do 20 de xullo , de ordenación do comercio interior de Galicia, establece que corresponde ós Concellos a inspección e sanción en materia de venda ambulante.

Considerando que os feitos constatados pola Policía Local, poden se constitutivos de infracción grave, en base ó preceptuado no artigo 45 DOUS, en relación co 44.10 da Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia, ó establecer que serán infracción graves a venda practicada por calquera persoa non autorizada ou polos comerciantes que incumpran os requisitos administrativos que esixe esta Lei (o artigo 26 da Lei 10/1988 sinala como requisito para exerce- la venda